



RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN AUTONÓMICA

PROMOTORA RABO DE GALO S.L. presenta a solicitude de inicio do procedemento de selección de persoas adxudicatarias das vivendas incluídas no expediente número P09-AE-0013/10 de vivenda de protección autonómica de Réxime Especial.

Trala comprobación da documentación achegada, queda acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o *Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas*, consonte co establecido nos artigos 32 e seguintes do citado Decreto 1/2010.

Á vista do exposto, e ao abeiro dos artigos 33.1 do Decreto 1/2010 e 20 do Decreto 143/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo,

RESOLVO:

1. Declarar a apertura do procedemento de selección de persoas adxudicatarias no expediente núm. P09-AE-0013/10 de vivenda de protección autonómica de Réxime Especial.

As características da promoción son as seguintes:

Localización: Rúa Teixugueiras núm.1, bloque 3, 10ºA, CP 36212, Vigo, Pontevedra

Data da cualificación definitiva: 06/06/2011

Forma de acceso: compravenda

Estado de execución: terminada

Número e tipoloxía das vivendas: 1 vivenda para quenda xeral

- Planta 10, (90 m²): 3 dormitorios, 2 baños, cociña, salón comedor e lavadoiro

Anexos vencellados á vivenda:

- Garaxe (25 m²) soto -2., nº72
- Rocho (8 m²), soto -2., nº 23



Prezos de venda (sen IVE):

TOTAL	<i>Prezo viv</i>	<i>Prezo gar</i>	<i>Prezo rocho</i>
240.821,37€	197.394,57€	32.899,10€	10.527,71€

Forma de pagamento: ao contado

2. Outorgar ás persoas interesadas que, na data desta resolución de inicio, estean inscritas e anotadas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do citado Decreto 1/2010. Non se admitirán solicitudes non axustadas ao modelo anexo.

A presentación de solicitudes implica a renuncia a calquera outro procedemento de adxudicación de vivendas de protección autonómica non resolto no que a persoa interesada figurase como reserva (de conformidade co artigo 39.2 do Decreto 1/2010).

3. Contra esta resolución non cabe interpoñer ningún recurso administrativo, aínda que as persoas interesadas, de conformidade co previsto no artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, poderán realizar alegacións para opoñerse a el, sen prexuízo da posibilidade de recorrer a resolución que poña fin a este procedemento.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O director territorial do IGVS de Pontevedra

José Manuel González González

